



00327

ANTEPROIEUTO
de
programa
mínimo

S.N.C.C.OO.G

INTRODUCCION

As Comisi3ns Obreiras teñen mais de 20 anos de historia.

Tres factores determinan a súa aparici3n: O car3cter anti-obreiro do Sindicato Vertical, o valeiro sindical producido pola progresiva desaparici3n dos Sindicatos obreiros hist3ricos, consecuencia, entre outras raz3s, da represi3n, e a conciencia sentida polos traballadores i espresada nunha chea de grandes e pequenas loitas —pese as dificultades daqueles anos— de que era necesario sacudirse da brutal esplotaci3n a que estaban sometidos e organizar o movemento obreiro sindical pra facer mais eficaz esa loita e a oposici3n os sindicatos oficiais e a Ditadura. O mesmo desenrolo econ3mico e os problemas que del se derivaban impuls3u a aparici3n das Comisi3ns Obreiras.

Comisi3ns Obreiras non arrincaron de cero. Son o fruto de acumulaci3n de experiencias vivas protagonizada pola nosa clase obreira. Recollendo a tradici3n de súa combatividade, solidaridade e sentido de clase, e buscanso superar as s3as divisi3s.

Xurdidas da entraña mesma da clase obreira e necesitadas de dar soluci3n a problemas concretos, tanto reivindicativos coma de acci3n e organizaci3n, souperon utilizar t3dalas posibilidades pra desenrolar as movilizaci3s dos traballadores, reforzando nestes na acci3n, a súa conciencia de clases e o seu sentido unitario, e s3perando os formidables atrancos que a represi3n levantou contra elas.

As Comisi3s Obreiras foron o factor decisivo pra poñer en p3 3s traballadores e localos en condici3ns de dar o seu peso a súa talla na vida social e pol3tica, reconstituindo d3a a d3a, folga a folga, o que a traveso da represi3n a Ditadura esnaquizara. A s3a organizaci3n reflex3u o mar3o no que, en cada etapa, tiveron que desenrolar a súa acci3n. Si nos primeiros anos tiñan car3cter espont3neo, m3s tarde crean estruturas estables, dende a empresa o nivel do Estado. Sin p3rder o seu contido de movemento sindical, a etapa actual sup3n un forte avance na súa organizaci3n.

A s3a pr3ctica sindical impuxo, de feito, dereitos negados pola Ditadura, coma o de reuni3n —asamblea—, expresi3n e folga. Est3n abertas a t3dolos traballadores, e 3 superar a divisi3n entre afiliados e non afiliados pra súa participaci3n na vida sindical, crean mellores condici3s pra unidade.

Comisi3s Obreiras impuls3u e vai seguir impulsando a m3xima unidade entre os traballadores, favorecendo a creaci3n de 3rgaos representativos de todos eles, tanto nas empresas como a niveles superiores, na perspectiva dun Congreso Sindical Constituinte; as3 como ir profundizando a unidade de acci3n coas dem3is organizaci3ns sindicais, todo orientado hacia o logro da unidade sindical.

Dende o seu orixen, Comisiós Obreiras tiveron crara conciencia de que o sindicalismo de clase debe loitar por resolver os problemas concretos dos traballadores, sin esquecer que da natureza esplotadora do capitalismo derivase que tales problemas non teñan solución definitiva, pois o mesmo sistema fai que se reproduzan periódicamente. O paro, o subemprego, a inflación, as crisis económicas, son aspectos que o capitalismo leva no seu miolo. Por iso a orientación de clase de Comisiós Obreiras exprésase na súa decisión de contribuir a supresión deste sistema e a construción do socialismo.

Eliminar a esplotación do home polo home, construír o socialismo, é unha tarefa na que han de contribuir os traballadores e as organizacións sindicais e políticas interesadas neste ouxeitvo.

Pra Comisiós Obreiras, a maneira de facer superable á pluralidade sindical e, ó mesmo tempo, permitir isa orientación socialista, é practicar un sindicalismo socio-político. Actuar ademáis de no reivindicativo económico e laboral, na área social onde se manifesta a situación de discriminación e de opresión padecida polos traballadores —emigración, vivenda, ensino, sanidade, etc.—, e no marco político no que se apoia —restrición de liberdades, medidas dos gobernos capitalistas, etc.

Do orixen e dos principios que marcan os ouxetivos a máis longo alcance do Sindicato Nacional das Comisiós Obreiras de Galicia despréndese as grandes liñas dun programa a corto prazo, que despois de permitir defender eficazmente os intereses inmediatos dos traballadores e conquistar a liberdade sindical e as liberdades democráticas e nacionais, se sitúe nun cadro de outro a máis longo prazo que conduza ó socialismo en liberdade, sobor da base dunha planificación democrática e da máxima autoxestión.

Capítulo 1.º— REIVINDICACIOS SOCIO-POLITICAS XERALES

- a) Liberdade sindical, liberdades democráticas e nacionais. Dereito de asociación, reunión, manifestación e libre expresión. Dereito de folga, liberdade de sindicación pra os traballadores, incluídos os funcionarios sin ningunha exclusión.
- b) Amnistía laboral, readmisión de tódolos despedidos e represaliados por motivos socio-económicos. Amnistía pra tódolos presos i esilados políticos sin excepción.
- c) Recoñecimento legal dos dereitos sindicais na empresa incluso durante a xornada laboral:
 - ★ Reunión, Asamblea e locais pra toda actividade sindical.
 - ★ Propaganda.
 - ★ Afiliación e cotización.
- d) Garantías ós representantes i organismos elexidos polos traballadores nas empresas e nos seus sindicatos, que dispoñerán de tempo retribuído pra actividade e formación sindical.
- e) Disolución do aparato do Movemento incluído o Sindicato Vertical.
 - ★ Devolución do patrimonio sindical a propiedade e uso dos traballadores é as súas organizacións sindicais.
 - ★ Derogación da lexislación actual e novas formas sobor contratación colectiva.

Capítulo 2.º— REIVINDICACIOS SALARIALES

- a) Salario mínimo interprofesional garantizado, establecido con participación dos representantes cando o coste da vida suba mais de tres puntos, mellorando constantemente ista. Intervención dos traballadores na fixación e control do índice do coste de vida. Superación do desfase salarial en Galicia con respecto a outras zonas do Estado.
- b) Tendencia a que a parte do salario variable, sexa mínima por incorporarse ós ingresos fixos, mentres que as primas, pluses e incentivos de todo tipo se inclúan no salario a tódolos efectos (xubilación, enfermidade, regulación de emprego, etc.). Tendencia a conquistar o 100 por 100 do salario real no caso de enfermidade, invalidez, xubilación, desempleo e accidente. Esención dos impostos directos sobor os salarios inferiores a un mínimo anual. Pago, como mínimo, do 50% do salario real por parte do Estado ós xóvenes durante o servicio militar e o 100 por 100 no caso de que teñan ó seu cargo a familia, respetándolles o posto de traballo. Eliminar o I.R.T.P. e aplicación do imposto xeral sobor as rentas das persoas físicas.

Capítulo 3.º— XORNADA LABORAL E CONDICIOS DE TRABAJO

- a) Coarenta horas de traballo á semán, con dous días consecutivos de descanso; trinta e cinco horas pra os traballadores nocturnos, tóxicos, penosos, subterráneos ou peligrosos, tratando de eliminar estes.
Xornada continuada e reducida no vran. Redución progresiva da xornada.
- b) Garantía, ó traveso dunha caixa de compensación, dun mes de vacacións pagados o ano, vacacións prenatales e postnatales prá muller traballadora de catro meses en total, creación de guarderías nas empresas e concesión de permiso retribuído prá lactancia. Inclusión, dentro da xornada laboral, da formación profesional e con centros e retribución a cargo da empresa controlados polos traballores. Permiso retribuído praós traballores que se examinen e horario flexible prós que estudien.
- c) Período de proba de quince días, a partir do cal considérase fixo na plantilla. Eliminación do prestamento laboral e das contratas prós traballos permanentes.
- d) Xubilación ós sesenta anos os homes e ós cincoenta e cinco ás mulleres e traballores en xeral que estén empregados en traballos penosos ou peligrosos. Actualización e revisión periódica das pensións.

- e) **Defensa do posto de traballo ou dereito ó traballo; en caso de crisis, reducindo a xornada de traballo, percibindo o 100 por 100 do salario, en caso de paro tecnolóxico por reconversión a empresa comprometeráse á readaptación profesional dos afeutados sin que en ningún caso podan disminuir os ingresos dos traballadores. Control do emprego pra que os postos de traballo se ocupen de forma indiscriminada.**
- f) **Concesión de becas ós traballadores i especialmente ós xóvenes que estudian mentres non exista ensino gratuito. Creación de ximnasia e polideportivos nas empresas a disposición dos traballadores.**
- g) **Supresión dos traballos penosos e peligrosos, sobor a base de instalacións e medios técnicos axeitados.**
- h) **Reducción das diferencias salariales. Respeto as categorías profesionaes racionalizando o seu número.**
- i) **Equiparación en dereitos laborales, salariales e sindicais, e servicios asistenciales e sociais dos traballadores do campo, o mar e os servicios.**
- j) **Completa igualdá dos xóvenes con respecto ós demais traballadores no que se refiere ó salario, categoría profesional, posto de traballo e formación profesional. A traballo igoal, salario igoal.**
- k) **Con respecto á muller, a traballo igoal, salario igoal. Igualdá de posibilidades no aceso a tódalas clases de traballo e categorías laborales. Supresión legal e práctica de calquer discriminación por razón de sexo. Tender a suprimir o traballo a domicilio, que aproveita a muller como man de obra barata, con aforro sustancial á patronal, xa que non necesita instalación nin servicios complementarios e deixa á muller desamparada laboralmente, impedíndolle exercer os seus dereitos debido ó seu illamento. Hasta a supresión deste traballo a domicilio, inclusión do mesmo na Seguridade Social. A regulación do traballo da muller como asalariada do servico doméstico, en tanto non desapareza, terá que contar cos mesmos dereitos sociais que o resto dos traballadores. Creación de Centros de Formación Profesional, non discriminatorios, que possibiliten a incorporación da muller no traballo, calquera que sexa, sua situación aital. Supresión das leis que, incluso baixo o aspecto de protección á muller, non siñifican mais que a marxinação do traballo con ocasión do matrimonio e da maternidade. Resumén: Equiparación total y en tódolos sentidos da muller co home.**

Capítulo 4.º— REIVINDICACIOS SOBRE CONTROL E PARTICIPACION

Control dos traballos sobre a organización e ritmos do traballo. Disminución dos ritmos ou intensidade do traballo pra evitar a repercusión negativa no psíquico e no físico do traballador. Desaparición do incremento dos ritmos de traballo coma contrapartida no aumento salarial. Desaparición dos destellos. Participación no control da acumulación de capital e da inversión nas empresas, así como nos resultados, empezando polas empresas estatales. Participación e intervención dos representantes dos traballadores nos órganos de planificación socio-económica de Galicia.

Capítulo 5.º— EQUIPAMENTO E REIVINDICACIOS SOCIALES COA PARTICIPACION DEMOCRATICA NA SUA XESTION

Vivendas dignas con alquileres non superiores á 10% do salario. Equipamentos e servizos nos barrios e zonas rurales (con dotación de bibliotecas e Museos), zonas verdes, transportes adecuados, cómodos e baratos, mercados municipais, cooperativas de consumo prós traballadores, alumado e alcantarillado, asfaltado, etc. Locales prós asociacións de veciños, así como prós grupos artísticos-culturales, recreativos e deportivos. Instalación de garderías en tódalas empresas e barriadas, creación de servizos colectivos, pra quen o desexe, das tarefas do fogar (sobre a base de crear ademais das garderías, lavanderías, comedores, etc.).

Capítulo 6.º— SEGURIDADE SOCIAL E POLITICA SANITARIA

- a) Unificar e desenrolar a acción sanitaria nunha tríple dirección: Preventiva, Asistencial e Rehabilitadora. Adoución de medidas firmes contra a contaminación do medio ambiente e adulteración dos alimentos.
- b) Progresiva socialización de toda a Sanidade. Creación dun servizo Central de Seguridade Social que unifique os criterios xerais da política sanitaria.
- c) Paso da Seguridade Social directamente ó Estado e financiación da mesma a cargo do presupuesto xeral.
Descentralización territorial na administración dos fondos.
Creación dun Servizo Central da Seguridade Social en Galicia que unifique os criterios en base ás necesidades do país e administre os fondos.
Ambulatorios e Ciudades Sanitarias con tódolos servizos en cada Zona, con unidades hospitalarias en cada pobo, barrio e demarcación, con participación na súa xestión dos profesionais da medicina e o resto do personal de Sanidade e usuarios.
Inclusión de tódolos traballadores da industria, agricultura, servizos, función pública e autónomos na Seguridade Social, sexa cal sexa a súa situación laboral: paro, despedido, ect.

Libre elección polo usuario do seu médico.

Nacionalización da Industria Farmacéutica que pasaría a ser financiada e xestionada pola Seguridade Social, como único medio de ordenar iste sector e poñer fin á situación actual de aproveitamento da medicina pra un negocio altamente lucrativo.

Capítulo 7.º— ENSINO E FORMACION PERMANENTE

- a) Obligatoriedade e gratuidade do ensino hasta os 16 anos. Gratuidade do ensino a tódolos niveles. Recoñecimento xurídico-laboral da actividade docente a constitución dun corpo único de ensinantes. Autonomía dos Centros de Ensino fronte os poderes públicos. Dar facilidades ós que traballan i estudian.
- b) Estensión do sistema educativo a tódolos niveles pra que imparta tódolos tipos de ensino propios dos modernos sistemas educativos. Planificación do sistema educativo galego dende Galicia cara o seu axuste ás necesidades da sociedade galega. Participación no mesmo de tódolos sectores interesados: estudantes, profesores, país i entidades sociais representativas.

Capítulo 8.º— OUXETIVOS ECONOMICOS

- a) Industrialización creadora de postos de traballo que frene a sangría da emigración con base a: Creación de industrias matrices de base, integración das ramas de produción xa existentes e desenvolvemento de novos complexos fabriles con perspectiva de futuro.
- b) Creación dunha Empresa Pública Galega de fomento da industrialización que acometa os proxectos fundamentais. Apoio á pequena e mediana empresa. Articulación industria —sectores primarios: agricultura, ganadería e pesca, creando industrias duradeiras.
- c) Retención do aforro i excedente económico en Galicia. A tal fin imposición legal á banca privada pra que invirta e asigne en Galicia os depósitos que recolle na mesma. Transformación das cifras de aforro en bancos públicos da administración autónoma galega, cara a financiación dos seus imprescindibles e irrenunciabes proxectos de desenvolvemento.
Redistribución do presuposto xeral do Estado en favor de Galicia e as restantes zonas máis atrasadas.
- d) Planificación económica e ordenación territorial dende Galicia con especial atención á conservación da Naturaleza e o medio ambiente.
- e) Plan de socialización e municipalización do chan edificable cunha indemnización xusta, pra evitar a especulación e prá edificación de vivendas dignas prós traballadores por parte do Estado. Intervención dos Sindicatos na planificación urbana.

- f) Distribución equitativa da renta e riqueza ó traveso dun forte imposto progresivo sobor da renta e grandes herencias. Tendencias á supresión e neutralidade dos impostos indirectos. Estructura do gasto público que favoreza a provisión de servicios públicos esenciais.
- g) Plan de urxencia de inversións preferenciais a fin de iniciar a corrección dos acusados desequilibrios comarcais existentes na actualidade.

Capítulo 9.º — MEDIDAS SOCIO-ECONOMICAS EN PERSPECTIVA

As reivindicacións e medidas de carácter socioeconómico situaríanse na perspectiva dun conxunto de decisións posteriores que comprenderían:

- 1º A nacionalización ou socialización das principais fontes de enerxía e das industrias extractivas básicas importantes.
- 2º Axuda a explotación familiar ó traveso dun programa de especialización, e selección de cultivos e especies gandeiras e forestais. Plan de regadíos e encalado das terras, rescamento e transformación de toxales en pradeiras, concentración das terras baixo criterios selectivos, racional e democráticamente decidida e parque de maquinaria e asistencia técnica.
- 3º A realización dunha Reforma agraria a nivel do Estado, que comprenda: a espropiación de latifundios e fincas deficientemente cultivadas; a concentración de pequenas unidades non rentables en unidades óptimas de produción; o acceso á terra prá súa explotación dos campesiños probes e obreiros agrícolas, prá que libremente decidan sobor as formas de traballo, que poderían ser individuais, cooperativas ou colectivas. Axuda técnica e crediticia por parte do Estado, e prezos remuneradores pra os produtos do campo.
- ★ Potenciación e axuda á agrupación cooperativa democrática nas diversas fases de produción e comercialización.
- ★ Créditos e subvencións en condicións adecuadas ás necesidades e realidade do campesinado galego.
- ★ Participación na política de prezos e importacións que non perxudique os intereses do campesinado galego. Prezos remuneradores prós produtos do campo.
- ★ Creación dun Fondo Social de Terras que, sin perxudicar os intereses dos pequenos e medios propietarios, devolva as terras aós aparceiros, caseiros, etc. E devolución dos Montes de Veciños as comunidades propietarias.
- ★ Anulación da Cuota empresarial da S.S. Agraria prós traballadores campesiños por conta propia, e esención temporal da cuota individual, co pleno disfrute dos seus dereitos pra aqueles campesiños que non cheguen a un salario familiar mínimo.
- ★ Elaboración dunha política pesqueira e planificación integral da pesca a nivel nacional ca participación dos traballadores, facendo primeiro un estudo científico dos recursos e posibilidades.

Capítulo 10.º— OUXETIVOS IRRENUNCIABLES

Son ouxetivos irrenunciabes deste Sindicato Nacional na perspectiva da supresión da explotación do home polo home e do socialismo en liberdade:

- 1º Nacionalización ou socialización da Gran Banca e do Crédito; orientación dos créditos e os seus tipos de interés de acordo con a planificación democrática e os intereses nacionais. Nacionalización das Compañías de Seguros e control riguroso das multinacionales. Racionalización e control democrático dos circuitos comerciais, eliminando e diminuindo os beneficios abusivos, pagando precios remuneradores ós pequenos produtores e, ós consumidores, precios estables e xustos. Intensificar e desenrolar pra iso as cooperativas de produción e distribución e consumo.
- 2º Socialización e nacionalización dos principais monopolios, desenrolo da extracción e transformación de materias primas, protección e créditos as pequenas e medianas empresas.





AFILIATE

a

CC.OO.

5 P
ts.